

ALFONSO R. CASTELAO

En *Sempre en Galiza* corrixiuse a ortografía e algúns vulgarismos e deformacións. A morfo-sintaxe e o léxico son os que aparecen na versión orixinal do autor agás uns poucos casos nos que se unificaron solucións diverxentes.

SEMPRE EN GALIZA

I.S.B.N. 84-7154-542-X

Dep. Legal VG-201-1986

© EDITORIAL GALAXIA, S.A. - Reconquista, 1 - VIGO

ADRO

Os tres feixes de discursos que se axuntan neste volume —reflexos dun mesmo ideal— foron escritos no desterro, para escorrentar a morriña, e responden a situacións diferentes de lugar e de tempo: Valencia e Barcelona (1937), Nova York e Océano Atlántico (1940), Bos Aires (1943). E caviglando no límitar que debía compor para encabeza-los, opino que poden valer os pequenos artigos que escribín en Badaxoz (1935), cando Lerroux ti-vo a ben ordenar que me preparase para maiores ausencias.

Velos ái:

I

Estou lonxe da miña Terra: en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanal azul. Atópome na torre de "Espanta Perros" e visto dende eiquí as rías ensarilladas da cidade. Unha cigofía lanzal vixia no borde do seu níscio, e as pombas bravas chisan no ar. Na lonxanía percibo a Elvas —a praza portuguesa nemiga temporal de Badaxoz—. Acompáñame un can vagamundo, que me sigue a todas partes; un can morriñoso e vedreiro, que me fita con ollos de namorar; un can agradecido até o servilismo, que por unha pedra de zucré agarda por míñ na porta do café para facerme compañía no paseo de tódalas tardes... Este cativo animal dáme noxo e compaixón, e véndoo tan famento, tan luxado e tan manso, parécerme un símbolo... "Aquí se muere de asco hasta el Obispo".

Neste intre sinto por primeira vez a necesidade de escribir para vós dende o desterro que me impuxeron. Non temades aos meus arroutos sentimentais, porque xa deixei de ser mozo. E velaí o que hoxe se me ocorre decírlles aos lectores de "A Nosa Terra".

Hai homes que pasan a vida predicando as excelencias dunha doutrina política ou social e sinten a ledicia de seren combatidos, porque confían na posteridade e soñan con triunfar despois de

mortos, convertíndose en estatuas de bronce ou mármore; pero se a ideia que predican botase axiña raíces no sentimento popular e se, por acaso, xurdise a ocasión de vela trocada en feito histórico, para abrir unha época, entón veredes que os mesmos sementadores da teoría collen medo, e algúns son capaces de abandonaren os seus postos de honor.

Eles gostan de chamaren "tempos heroicos" aos do espallamento da ideia, e non se decatan de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anceios en realidades, as ideias en feitos, pois crear unha doutrina non é a penas outra cousa que facer *sólitorios* filosóficos, como loitar con nemigos, no campo da polémica, pode ser, simplementes, un xogo de amor propio. E así, soñar cun futuro lonxano e venturoso cásas sexa un divertimento poético, alleo a toda vocación de sacrificio.

Cando un home sabe que a realización dunha ideia vai producir a felicidade do seu pobo e a salvación da súa patria, non debe recuar ante a posibilidade do triunfo, aínda que a violencia dorosa e sanguinaria do parto lle produza atrepios; porque o home que dubida e teme no intre de realizar o ideal que predicou e non ten coraxe para mantese no seu posto de perigo, ou é un farsante ou é un coitadío.

Un home que teña fe no ideal que propaga non debe resignarse a morrer sen velo realizado, a non ser que morra en loita polo seu ideal. E aínda direi máis, expóndome a que se dubide das mías conviccions democráticas: Se o pobo non quixera enterarse do que lle convén e fixese desprezo do remedio que pode salvalo, ¿habetá algún home de fe que deixase de impor ese remedio, aínda pola forza, se dispuxese de poder para tanto? Porque un home de verdadeira fe nos ideaes que predica, e con coraxe para remediar as desventuras do pobo, vai cara ao triunfo cando se poida e como se poida.

II

Estou nun café con espellos, onde dúas columnas e dúas bochas de luz abordan para figurar longas alamedas. Parez que aquí non hai traballo para ninguén e que se vive na inacción, sen esfuerzos nin esperanzas; e non habendo traballo tódolos dereitos pertencen á propriedade... Aquí a xente está dividida en dous bandos extremos e irreconciliables, que un galego a penas pode concebir: os que van ao café e os que non poden ir. ¡Abenzoadó sexa o café en Badaxoz, porque fai creer que se vive!

Lembromealgúns galegos que viven para o seu bandullo, porque son ben asisados e non sofren as inquietudes dos demás. Parez que teñen o pesimismo dos vellos e aínda non se aventuraron en ningunha empresa. Parez que teñen o escepticismo dos que están de volta e aínda non se arriscaron a viaxar. Parez que son donos da verdade e aínda non pasaron fames nin sedes. Parez que triunfaron nalgúnha loita terrible, decisiva, e non fixeron máis que fuxir diante dos perigos. Parez que merecen o que gañan e non saben decatarse da sorte que os empurrou. Parez que están capacitados para regalaren consellos e coas súas sentencias egoísticas acabarfase o mundo. Son comenenciudos, traballan con proucto e non conciben máis ideal que o de vivir con desafogo e sen dores no estómago.

Estes son os que me decían:

—Por que té meteches en política? A política é unha cochinda e ti mellor estarías na túa casa, facendo arte.

Son galegos e non conciben que Galiza poida salvarse cunha política honrada. Son galegos e non saben que Galiza necesita unha política súa, para conquerir o desenrollo normal da súa economía. Son galegos e non se decatan da necesidade dunha política que garantice a vida da nosa cultura. Son galegos e non saben que temos un destino histórico que cumplir, na Hespaña e no mundo.

Estes son os que din:

—Eu non sinto a necesidade de falar galego (porque esa necesidade non se sinte no bandullo).

—Eu atópome ben onde poida vivir con desafogo (porque levan a pattia na sola dos zapatos).

—Eu non creo en ninguén (porque tampouco creen en si mesmos).

—Eu renego da política (porque saben que a política dá disgustos).

—Eu ríome dos políticos (porque cásas non toparon a ocasión de lamberilles os pés).

—Eu non pertenco a ningún partido (porque non queren comprometer a súa tranquilidade).

Así son moitos galegos serios e sesudos na apariencia que visten ben e saben impor respeito aos seus consocios de Casino.

Calquera día un destes galegos, que non quer meterse en política, pasa, de súperto, a ser directivo dunha entidade que de-

fende intereses, e védelo sentado nun banquete, a carón de calquera político inmundo.

III

O "lonxe da Terra" ainda é unha doença do sentimento, que fai chorar de soledade aos emigrantes galegos. Eu non podo negar que a padexo; pero xa non é pola lembranza dos eidos nativos, nin polos anceios de retornar ao seo da familia, senón pola ausencia da Patria. Este sentimento de soledade xa non é exclusivo dos desterrados, porque os bos galegos somos expatriados anque vivarmos en Galiza. ¿Ou é que morar nunha Terra aferrollada non é tan doroso como vivir no desterro?

Hoxe tópeime cun afiador ourensán, e os dous tíñamos morriña: el pola súa aldea, onde deixou unha moza; eu pola miña Patria, onde campan os funcionarios forasteros e runflan os galegos descastados. Palamos moito, e no remate da nosa conversa o afiador apañou a 'roda' e foise polas rúas, a pregoar no asubío os seus anceios amorosos. Eu quedeime a miralo, enveroso da súa mocedade e da súa sinxeleza, a fillar as misías arelas patrióticas, coa esperanza entristecida de tanto agardar o triunfo dos nosos ideaes de liberdade.

{Sentimentalismo? Cícais; pero sentimentalismo novo.

Hai galegos tan amantes do seu terrón orixinario que despois de emigraren, empurrados pola necesidade, retornan atraguidos pola *querencia*, coa mesma ledicia que sinten os cabalos cando retornan á corte. Eles levan as imaxes do seu mundo nativo e apéganse a elas con tan afervoada saudade que alcanzan a categoría de tipos de novela. Pero cando chegan de volta sintense defraudados, por atoparen casas novas, luz eléctrica e xente ben vestida. Quixeran non atopar ali nada do que viron de bo nos mundos alleos, para seren eles os importadores do progreso. Quixeran que todo ficasse no mesmo estado de antes, para que as innovacións se realizasen coa súa presencia. Quixeran que a xente ficase como estaba, para seren eles os modelos de toda mudança. Quixeran que os adiantos do seu pobo natal se lle debesen á súa filantropía...

Este amor egoísta e limitado —cáseque animal, de tan natural— ainda está moi lonxe de ser confundido co sentimento patriótico dos galeguistas.

Para eles a Terra é o berce onde naceron, i engrandéceno até o punto de chamarlle Hespaña. Ali cantan os paxaros mellor que en ningures e a lúa ten más claridade. Ali dáse o mellor pan, o

mellor viño, a mellor auga e o mellor leite. Ali as festas madrugan con alboradas de gaita. Para eles a Terra é tan pequena que aínda non pode chamarse Patria, anque o amor que lles inspira sexa fundamental para un auténtico patriotismo.

En troques para nós, os galeguistás, a Terra é tan grande, na súa estensión e na súa profundidade, que non abondan os días dunha vida para coñecela; e amámola tanto que soio pensamos en facer dela unha Patria feliz.

Agardamos un pouco máis e a morriña dos desterrados galegos xa non será esa enfermedade sentimental que doadamente se cura con retornar aos eidos nativos, porque, quérise ou non, tódolos galegos sentiremos este anceio grande e ledicioso de asistir ao rexurdimento dunha Patria que parece morta.

IV

Polas mañanciñas as rúas de Badaxoz énchense de burros, e cando bate o sol no lombo dun deles o seu orneo godalleiro fai ornear á mesma cidade. No filo das oito da mañán ornea sempre un burro debaixo do meu balcón, e a probe besta entoa o *bimmo* da súa especie con tal forza aspirante e impelente que mesmo parece que están aserrando a esquina da casa. Entón eu abro os ollos, e ao despertar nunca sei onde me atopo.

Hoxe é Primeiro de Maio, festa nacional e internacional. Podo, pois, repousar o almorzo na cama, e teño tempo para meditar co bandullo cara riba. Busco ideias novas e non acoden más que lembranzas vellas. De súpeto xurde no meu maxín esta pregunta: ¿Que diferencia existe entre un país agrícola que laboura con bois e vacas e outro que ten por motores de sangue o burro e a mula? Regálovos o entretenimento de responder a esta comparanza, porque o que a min se me ocorre é moi longo de decir.

Para conmemorar este día celébrase un mitin socialista e falará o diputado que máis traballou nas constituyentes para sacar avante a sonada Lei de Reforma Agraria. I eu debo asistir.

Xa voltei do mitin e xa sei que os socialistas teñen a preocupación de resolveren os problemas desta terra de latifundios, rexida por un bárbaro sistema feudal. Os oradores falaron ao corazón dos "castúos" e déronlle a esperanza dunha vida mellor. Tamén falaron ao meu corazón de home. Pero saí do mitin a cavilar na desventura dos labregos de Galiza, que non son obreiros nin patróns,

que non poden avencellat os seus problemas vitais á preocupación dos grandes partidos de clase, e que, polo tanto, verán as súas reivindicacións ao marxe do balbordo revolucionario que inza esta España anacrónica, detida no réxime patrimonial que tivo por orixe a usurpación e a conquista. ¿Pode acaso o Estado centralista, fillo destes páramos calcinados, preocuparse doutra cousa que non sexa o de transformar a estrutura dos seus latifundios, sacándolle a terra a quen non a traballa, para constituír, por fin, a clase agrícola que necesita? Non; o Estado actual non ten lecer para ocuparse do problema minifundista de Galiza, anque este aparea tinguido de terribles inxusticias e o seu desarranxo teña doada solución con soio aceptar a necesidade dunha reforma múltiple. Pero como Galiza non é unha estepa e os seus problemas son minoritarios, quedará sempre excluída do "interés nacional" en canto a Lei sexa única.

¿Quen pode, pois, salvar a Galiza? Galiza mesma. ¿Como? Cun gran partido político nidiamente galego. ¿E para que? Para que a nosa Terra conquira o dereito a lexislar para si mesma. ¿E cando contaremos con ese gran partido? Cando os nosos labregos abran os ollos e deixen de votar a quen non comprende a nosa diferenciación.

V

Estou nun inmenso país de latifundios, poboado por xentes moi ricas e xentes moi probes.

Os ricos comen porco e teñen cara de ictericia. No inverno sonean a carón do braseiro e no vran durmen de día e velan de noite. Reparten esmolas de dous céntimos e consideran as chinches como unha praga inevitable. Teñen administradores para os seus bens e creen que Gil Robles é un revolucionario.

Os probes mantéñense de sol no inverno e aforan enerxías encostándose nas paredes encaleadas. Cando chegan os meses de calor póñense a engulir araxiñas de vento nas rúas avesiás. Están desnutridos e perderon o apetito. Se algunha vez traballan dálles castelidos o espíñazo.

A terra é farturenta e dá, sen esforzo, todo canto se lle pida; pero esta terra está en poder dos ricos, porque os probes non teñen azos para rexeren propriedades.

O país tivo algunha conciencia da súa personalidade; pero deixouse decapitar pola fronteira portuguesa, e o inmenso corpo extremeño foi asimilado polos países veciños.

Se eu fose natural deste país e sentise ancosos de axudar a reivindicalo, non me quedaría máis que un recurso: ser socialista.

A miña Terra é un país de minifundios, poboado por xentes algo ricas e por xentes bastante probes ou probes de todo.

Os ricos comen e beben de abondo para morreren de apoplexia. Durmen pouco, cavilando no dñeiro que teñen a réditos ou no pleito que lle van posfer a calquera veciño. Fan caridades con verbas tan bonitas como estas: "Que Deus o ampare". Soñan con mandar e fanse caciques ou amigos de quen ten o poder nas mans. Administran os bens propios e cando poden ainda pretenden administrar os bens alleos.

Os probes comen o que teñen e se o teñen. Están desnutridos, pero endexamais perden o apetito. Cando a súa terra non lles dá para vivir collen un fato de roupa e vanse polo mundo, en procura de traballo. Son donos dun anaquiño de propiedade e viven escravizados polo fisco e asoballados polo cacique. Tamén van ao mar e arriscan a vida por un cacho de pan. Traballan de sol a sol ou de estrela a estrela, porque ningún lles paga o xornal que necesitan para vivir e teñen que arrincalo, eles mesmos, da terra ou do mar.

O agro é cumpridor, e non se cansa de pagar o que debe; pero reclama sudores e bágoas. A terra galega está esnaquizada polo amor e a cobiza dos seus fillos. O mar é tolo, veleidoso, como unha baraza.

O país mantén latexante a súa personalidade nacional; pero carece de coraxe para defendela, porque a fronteira portuguesa cortoulle o brazo forte que antes tiña. O pobo fala unha lingua esgrevia e posúe unha cultura en floración permanente. Sinte a necesidade de leis proprias para resolver os seus problemas xenuinos.

A miña Terra conta, por ventura, cun partido político que se afínca nos postulados democráticos da Constitución republicana, capaz de remediar a miseria moral e material dos nosos irmáns, e a este partido pertenzo e pertencerei mentres viva.

Sendo galego non debo ser máis que galeguista.

DEPARTAMENTO DE
VI FILOLOGIA ROMANICA

Onte percorrín máis de trinta légoas de terra extremeña, onde os ollos se perden nos trigoas e as oliveiras. Tamén vin montes immensos, cubertos con aciñares, onde bulen piolleiras de cochos

mouros. Atravesiei algún pobo con homes esterricados na porta das casas. Porriba da lisiamente chan dos tellados erguense castelos en ruína e casonas fidalgas. Parez mesmamente que os poucos habitantes desta terra deben nadar na fartura, coma os peixes no mar. E hoxe mesmo, na oficina de Estadística, anotáronse varios casos de morte por inanición. ¡Fame, cando se vive nun mar de pan!

No viaxe de onte pasei á beira dun *cortijo* amparado por un soio eucalipto que fai de pararrayos barato. E o meu acompañante contoume a siguiente anécdota:

—A este *cortijo* chegou un día o vello Maura. O dono da finca gabouse de ter as mellores instalacións do país. “Eiquí durmen os porcos”. “Eiquí paren as porcas” —decía o terratenente—. Todo alí estaba limpo, claro, relucente. E chegaron a un cortello inmundo, estrado de palla e de sacos vellos. “¿Que é esto?” —preguntou Don Antonio Maura—. ‘Este é o lugar onde durmen os gañáns’ —respondeulle o dono da finca—. I entón Maura doulle este aviso, a modo de consello: “Pois... procure vostede que non desperten”.

O consello de Maura non logrou entrar na míoieira dos terratenentes extremeños, e perdeuse como se perderon outros moitos. Por outra banda a xente de eiquí non desperta, porque a fame dá sono... E unha vez que se promulgaron leis xustas, capaces de remediar tanta miseria, ergúronse as “dereitas” hespáñolas, alporzadas, i empuxando un crucifixo comenzaron a falar de inxusticias e sacrilexios.

Eu sou dunha Terra onde os labregos non foron capaces de aturaren o despotismo señorial, e máis dunha vez (van alá centos de anos) fixeron revolucións sanguiniferas. Dos tempos abolidos quedan ainda os foros; pero esta cáregaa vai alixearándose a forza de rebeldías xordas. Certo é que desapareceu o amo terratenente; pero foi sustituído por moitos amos confabulados, que fan chegar a Galiza o reparto da miseria central. Hoxe a miña Terra é un bocado da República, poboado por traballadores que aínda temen á xusticia oficial; porque nunca se lexisla para eles.

Eu visto a miña Terra dividida en anaquillós de propiedade, e en cada anaquillón unha casa chea de xente. Hai fame nos fogares, e a miseria do minifundio vai meténdose na alma dos labregos; pero siguen accesos no afán de traballar e de posuít. Polas abas dos montes incultos (incultos por seren do Estado centralista) rúben os piñeiraos coma se fosen os dedos arteiros dun ladrón.

A miña Terra debía ser un paraíso nesta Hespáña fanada. Alí debía crecerse unha verdadeira democracia republicán e cristián;

pero a míoieira dos gobernantes está conxestionada de tanto cavilar en Andalucía, Castela i Extremadura... e non lle queda un refugio para pensar nos traballadores de Galiza. Así e todo a miña Terra está en condicións de salvarse, porque conta con personalidade indiscutible e quer exteriorizala en forma de cultura e de leis públicas, e díxa virá en que se governe por si mesma. Entón as realidades do noso tempo serán lembranzas aleccionadoras.

VII

Eiquí os “vellos desampatados” non paseian en ringleira, ao xeito dos seminaristas e os hospiciáns. Os vellos saen do Asilo, en desbandada, como unha “masa coral” no remate do ensaio. A súa vida parez aburrida. Creo que nin tan siquera agardan pola morte. Cando fai frío buscan a quentura do sol nos cobexos da muralla. Cando fai calor andan de gandaina, en busca do seu divertimento preferido: ver traballar. Onde queira que se traballe, aí estarán os “vellos desamparados”, a gozaren cos ollos. Esta delicia é a única que os anima. E no remate da xornada márganse para o Asilo, como se voltasen do Teatro.

Hoxe pareime a velos. Estaban ao redor dunha obra de desmonte. Cada un deles co seu pau, e todos eles enfardados en traxes antigos. Eu decateime de que sudaban de tanto axudar... cos ollos, e cavilo que se consideran parceiros no traballo, e que respirarán con orgullo o día que a obra remate. ¡Probes vellos!

Tamén reparéi nunha rolda de xentes desocupadas, ollando dende máis lonxe o tráfeo dos peóns. Cicais con anceios de gañar a vida; pero eu xúrovos que nalgúns ollos adiviñei unha cobiza terrible: a de chegaren a “vellos desamparados”.

Lembromé dos galegos vellos que andan aboiados polas rúas ciudadáns. Parecen superviventes dunha gran catástrofe. Asáñanse coa ledicia dos rapaces, e refúnganllesta vil sentencia: “¡Xa chegatedes a vellos!” E os rapaces non lles dan creto.

Eles foron os supersticiosos do progreso. Adoraban o misterio da electricidade no miragre do arco voltaico, creían que a cultura viña polos aramios, ollaban nas máquinas a salvación do mundo, e para eles a letra de molde non podía mentir. Andan vestidos á moda que acaba de pasar, fuxen da raxeira do sol, tapándose con sombrillas, falan castelán por señoritismo, desprezan a ciencia dos labregos e matríficos, pintan de aluminio os balcóns da súa casa e sintense moi orgullosos de que nas alamedas da súa cidade medren as palmeiras de África.



Estes vellos endexamais ouviron falar de Antolín Faraldo i esqueceron o nome de Alfredo Brañas. E cando nos escotan a nós perguntones, alporizados: "¿Que andan a decir eses tolos?"

Os nosos vellos son galegos e non o saben, porque sempre viviron nun mundo de mentiras e artificios, fóra das realidades íntimas, como arañas pantasmaes que tecen o esquecemento da súa propia existencia. Non; non é posible que estes vellos nos comprehendan.

Eu teño mágoa de non velos ao redor da nosa obra, regalándo-se co noso traballo, axudándonos co seu ollar ledicioso. Eu quixera que amostrasen o orgullo da súa vellez e que poideran decirnos: "Somos vellos porque fomos mozos". Pero eles non tiveron medecade.

Eu quixera ver detrás dos galegos vellos unha tolda de *parados*, a tillaren as anguiñas de non poder axudarnos, ou enverosos da nosa venuelta biolóxica. E que os incapaces ou perguiceiros arelassen chegar a vellos para poder asistir con dignidade ao traballo dos mozos.

Endebén podemos felicitarnos de que os vellos que andan agora polas rúas galegas son os derradeiros sobreviventes dunha época que non volverá.

Cando nós sexamos vellos iremos ver o traballo dos mozos e animarános coa nosa ledicia. E cando rematen unha obra tomaremos parte no alborote do "ramo".

VIII

Na catedral de Badaxoz hai un órgao que veu da Alemania e un crego indíxena, encarregado de tocalo. Eu coñabas que a meirande ventura dun home era ser organista, tendo unha catedral por teatro e dispondo dun aparello alemán, de tan variadas voces que servise para regalar con coros anféticos a piedade do Bispo ou para ceibar tronos do inferno entriba do Cabildo. Mais este organista namorouse do enxeñoso instrumento e non pasou de esturdiar as tripas, co gallo dos vellos anatómicos que buscaban no cadavre o segredo da vida. O crego xa se considera capaz de construír un órgao tan alemán coma o que veu da Alemania; pero non lle interesa tocalo, nin llo deixa tocar a ninguén.

O outro día fun á catedral, na compañía dun pianista forasteiro, e o crego de marras quixo amostrarnos o seu *xoguete*, que está metido na caixa barroca do órgao vello, sobor do coro. Cando ru-

bimos notei que uns anxeletes tiñan as pernas cortadas a carón. "¿Por que fixeron esto?" —perguntei—. E o crego contestounme, a ri: "Eran unos angelíxos bailando unas sevianas".

O crego, entusiasmado, dounos explicacións prolixas do aparello sonoro, e lémbrome dunha frase súa, que vou a escribir coa vosa licencia: "Aquí los murciélagos hacen de cuerpo en los tubos y cada vez que los limpio me llega la basura al alma".

O crego matounos a tarde, sen que poidésemos ouvir o órgao, e cando o pianista manifestou deseños de tocalo, o crego torceu o bico e díolle con cara de poucos amigos: "¡No vaya usted a creer que un órgano es como un piano!".

¡Que lástima de órgao e que pena de organista!

No censo de intelectuaes que moran na nosa Terra hai unha chea deles que se asemellan ao organista de Badaxoz.

Disque algúns pasan a vida ensumidos nas Bibliotecas, para meteren no almacén da memoria todo canto se leva escrito, e que se un incendio queimase os seus libros serían capaces de reproducilos. Disque viven fóra do noso mundo e que cando morran debemos choralos, porque son sabios.

Disque algúns saben todo canto se publica en francés, inglés, alemán, ruso..., e ainda que nos seus miolos non naceu endexamais a branca fror dun pensamento orixinal, saben catar as obras alleas e censurar as que se producen no país. Disque tolean por faceten luz na escuridade, e que cando morran debemos choralos, porque son mestres.

Disque algúns afondan tanto nos problemas do espírito que non lles chegaría unha vida para dar dictamen, e que nin con dúas vidas de profundación se decidirían a escribir un libro. Disque estudan e cavilan en silenzio, e que o día que morran debemos choralos, porque son pensadores.

Disque algúns coñecen tan ben os arregueixos labregos, e a maneira de curalos, que o día que falen haberá fartura nos agros. Disque a modestia non lles deixa abrir a boca e que cando morran debemos choralos, porque son técnicos.

Aínda queda moita fina caste de intelectuaes, dos que a xente di que debemos facer pranto cando morran; mais eu quixera mellor homes de acción, que loitasen polo engrandecemento da nosa Terra, sen medo ao fracaso, nin á censura, nin tan siquera ás pedradas. Porque hai que loitar e crear, e non imos perder a vida metidos nas tripas dos problemas.

Que cando un home dispoña dun órgao se ipa tocalo, para dar saída ás arelas do seu espírito, áinda que se rompa o aparello e teñamos que chamar por un amañador.

IX

Fai moitos anos chegou a Badaxoz un empregado público. Procedía das terras verdes de Galiza, pero gostaba máis das terras ressecas do Sul. E como non pudo ir á Andalucía contentouse con Extremadura.

Era sentimental e namoradizo, e non tardou en prenderse nunhas reixas de ferro, endoudecido de amor por uns ollos funerarios, de tali tristes e mouros. Aíxila se lle abriron as portas da casa e logrou sentarse na *camilla*, a tentes da noiva. E despois de queimártalo, no braseiro, uns zapatos de charol, decideu casar e casouse. Agora é un xubilado, que lee o ABC e paseia o seu aburrimiento mortal pola ponte do Guadiana, coas pernas arrasto e cun caravel na chaqueta.

Presentáronmo, porque disque é galego, e hoxe tentoume o demo a paseiar con el. ¡Que de parvadas tiven que escocitarlle! Faloume das corridas de touros, da lotería nacional, dos grandes políticos galegos e do noxo que lle inspira o catalanismo. Díxome que non sabe como hai quen viva na nosa Terra con tanto chover e chovert. Díxome que o atraso dos nosos labregos débese a que non falan en *espéranto*...

Eu sabía de moitos que libraron de quintas por seis mil reás e podían librar por parvos, como sei de moitos que chegan a ser xubilados pola edade e que padecían de incapacidade conxénita cando se lles tegálou a *credencial*. Sabía que os imbéciles más fenomenais que pareu a nosa terra andan ben vestidos, e que moitas veces chegan a *Excelentísimos Señores* polo rigoroso turno de antigüedad. Cheguei a saber que algúns parvos de nacencia badúan enfonchados en cadeiras de Universidade. Eu sabía todo esto; pero sempre logrei fuxir de semellantes androidos. E hoxe —¡quen o diría!— caín en Badaxoz.

Os personaxes parvos son idénticos no falar. Posúen a memoria dos papagaios, ou dos gramófonos, e a intelixencia dos monos. Levan a alma uniformada con adovíos baratos. Viven espiritualmente "de gorra". Débenlle as ideias a calquera libro de texto e débenlle o señorío a calquera xastre. Gostan do "*Casino de caballe-*

ros", das "terrazas do café", dos "paseos de moda". Militan en partidos de "dereita" e soñan coa volta do pasado. Estarían mellor en Madrid que no mesmo Ceo. Son monecos parlantes de fabricación nacional. Están feitos en serie, por *Real Orden* publicada na "*Gaceta*".

Estes personaxes obedecen á súa condición de parvos, e odian o galeguismo, sen teren capacidade para comprendelo. Adoran o Estado unitario e centralista, ou sexa, a "sagra unidade da patria" (verbas máxicas, capaces de facer en parvear a calquera, incluso a un intelectual). Creen que as autonomías rompen a unidade da súa patria, que é unha boliña que lles meteron na cabeza, cando eran nenos. Creen que falar castelán é falar ben e que falar galego é falar mal. Creen que os monárquicos son máis españoles que os republicáns. En resumo: creen todo canto creían os seus difuntos fabricantes.

A mentalidade dos señoritos parvos concorda coa mentalidade das señoritas *cursís*. Ambos a dous disimulan o acento nativo e fían o seu señorío na standardización dos modos e maneiras. Ambos a dous afincan o seu orgullo no traxe que levan posto. Viven en mundos tan arredados do noso qué non debemos concederilles a categoría de adversarios.

Imáns: Fuxide sempre dos parvos. Non vos arrimedades a eles, porque poden roubarvos algo da vosa razón e transmitírvos a súa parvada. Deixádeos paseiar, falar, danzar e medrar no seu mundo. E se algúnn parvo chega a ser autoridade non mostredes asombro, porque son cousas do sistema que combatimos e dos tempos en que nos cadrou vivir.

X

Esta noite, sen querer, esmaguei unha chinche, e o noxo escorrentoume o sono. Xa se foi o "*cantaor*" da taberna veciña; xa cantaron os galos no debalo da noite; xa calaron os grilos dos fornos; xa paseian as chinches polos corpos rendidos. No meu tellado castañolean as cigoñas; algúén pasa, correndo, en procura dunha parteira; nun reló calquera dan as catro horas. Agora ábrese a luz; entra pola rúa o primeiro burro, cangado de legumes; nunha esquina lonxana vocean o *rotativo* das "dereitas". Xa dou comeza a faxina dun novo día, ¡i eu ainda non puden fechar os ollos! ¡Que cansazo de pensar!

As noites da miña Terra sempre me pareceron pequenas para dormir; pero estas noites de Badaxoz son longas e desesperadas. Noites de afogo e pesadelo, nas que as paixóns se inflan e rebentan, como vinhas, e os pensamentos caen mortos, de tanto voar, nas pozas corrompidas.

Co cansao da noite pasada sémome a escribir para vós. Quero dedicallo este artigo aos dereitistas que tanto abondan por aquí e por aí.

Dá noxo ver a grea de señoritos dereitistas que posien a Xesús na porta da casa, para viviren, dentro dela, en contubernio con todos os pecados do século; pero dá mais noxo cando se repara na imprudencia que cometan os seus dirixentes espirituales, alentando egoísmos, inxusticias e xenteiras, para reconqueriren, pola forza pecuniaria dos reaccionarios, o que non foron capaces de conservar polo exercicio da caridade. Mais este cariz do problema non é o que hoxe me interesa. Tampouco vou discurrir encol do separatismo de caste, que é no que os señoritos fundan o seu orgullo reseso e o seu carácter serodio.

Eu quero falar da patriotería das "dereitas". Elas considéranse cumplidoras da postrumeira manda de Isabel a Católica, porque non leeron o seu testamento, que é unionista e non uniformista, e lanzan inxurias e calumnias a eito sober dos que pensamos nunha España verdadeira. Así, os que non creemos que a unidade española sexa anterior nin superior á súa variedade, somos uns canallas. Os que coidamos que o sistema unitario e centralista causou a ruína material e moral de España, somos uns falsarios. Os que non queremos someternos á violencia asimilista que iniciaron os Austrias e Borbóns, somos uns insurrectos. Os que calificamos de imprudencia o rexurdimento do tema relixioso nunha posible reforma da Constitución, pasamos por ser nemigos do Cristianismo. Os que creemos que o sistema federal pode resucitar as mellorres virtudes da tradición hispana, somos uns traidores. Os que, por acatamento ao réxime legalmente constituído e á súa Carta fundamental, nos conformamos cunha autonomía cativa e pedimos un Estatuto para a nosa Terra, somos uns criminais. E velai por que os patriotas cataláns, vascos e galegos, somos aldraxados a decotío no café, no casino, na prensa, na catedra, no púlpito, no cuartel e até no Parlamento.

Os señoritos reaccionarios pretenden anovaren os sofios imperialistas da monarquía absoluta co gallo de restableceren os tempos abolidos, sen decatárense do bárbaro sacrilegio que cometan,

porque en nome de Deus nin se pode afogar a libre respiración do espírito dos homes nin se pode coutar o anceio dos pobos que loitan polo seu propio ser. Os señoritos comungan coa "sagra unidade da patria", que é unha roda de muñho para nós e un amparo de privilexios anticristiáns para eles; pero será ben declarar que non teñen conciencia da unidade posible nin sentimientos de patria verdadeira. E por moito que digan son os únicos separatistas que coñecemos. Fórono de Portugal, son de Cataluña, serano de Euzcadi e de Galiza.

XI.

Nos eidos da República abrollan os vezos da monarquía. A poda doulle vitalidade. O caciquismo e a inxusticia volven a inzar as terras hispanas.

Hoxe asesinan a un rapaz (o meu primeiro amigo de Badaxoz), que por defender as reivindicacións dos traballadores, co ardimento inexperto da súa mocedade, morre a mans dunha cría do caciquismo reverdecido.

Onte intervén a Delegación do Traballo para evitar que os ricos terratenentes negocien coa fame dos campesiños, pois xa se estaban pagando xornales de tres pesetas a homes que non atopan ocupación máis que nos cincuenta días da sega. ¡Trinta pesos para todo o ano!

¿Que é esto? ¿Onde teñen a conciencia esos homes que andan a falar de sentimientos relixiosos feridos? ¿Que fan os verdadeiros cristianos, que non coutan o egoísmo criminal dos proprietarios da terra?

Eu creo que ningún galeguista, por arredado que se atope de nós, concordará coas forzas reaccionarias campantes agora en toda España. Creo que ningún galeguista pode sentir a necesidade dunha caracterización dereitista do seu ideario nestes intres de guerra *incivil*.

E no correio de hoxe recibo un manifesto político, arranhado con enxeñosos artifícios de linguaxe, para disculpar unha posición ilexítima dentro do noso campo. Trátase, nada menos, que de crear unha "dereita galeguista", lanzando a irmandade dos "bos e xenerosos", cando máis rexia debe ser a súa compenetación.

Pois ben; quero que seípan os firmantes do manifesto, e todos cantos acudan á súa chamada, que eu —galeguista nato— oponerme a calquera entendimento político con eles, porque non creo

na forteza dos seus sentimentos patrióticos, nin estou disposto a deixarme convencer con adoadas de vidro.

Quixería compor eiquí longas parrafadas para demostrar que os escrupos de carácter social e relixioso, que agora sinten os chamados "galeguistas de dereita", xurdiron despois do desastre electoral, por influencias exteriores, exóticas. Quixería demostrar como a fuxida dalgúns galeguistas obedece, máis que a diferencias políticas, a comodidades persoaes. Quixería demostrar que a teima secesionista foi provocada pola fervenza reaccionaria que baixou da meseta castelán. Quixería demostrar que os galeguistas que se arredan de nós, coa intención de aminguanet a nosa força, poñen a Galiza por debaixo doutros intereses, que nin tan siquerá son espirituas. Quixería demostrar que un galeguista verdadeiramente cristian non ten por que arredarse do noso partido, nin para preservar o cristianismo da nosa Terra nin para salvar a súa propia alma. Quixería demostrar, en fin, que esas "coincidencias fundamentais de orde ideolóxico", que eles invocan no seu manifesto para chegarnos a un entendimento político, son, xustamente, as que nos manterán sempre arredados.

Eu podería demostrar todo eso con tanta lóxica como a que empregan os "galeguistas de dereita" no seu escrito, pero eu faríao con máis emoción e menos artificios. Non o fago porque ainda non se consumou a fazaña.

De todos xeitos abonda co dito para que ninguén crea que se trata dunha istorma de táctica ao uso, para ensanchar a base do galeguismo polos dous extremos. Non; a política do galeguismo correspondele enteiramente ao noso partido, a non ser que xurdi-se outro máis avanzado no senso nacionalista e con opinión de abondo para facerse respetar. Non nego a necesidade dunha escisión do Partido Galeguista na hora en que a nosa Terra conquira os seus anseos mínimos de liberdade; pero nego a comenencia de facelo agora; e ainda que o galeguismo acordase neste intre formar dúas forzas de signo contrario, sempre contariámos con homes más firmes para erguer bandeiras e facer chamamentos.

XII

Meiodía. O sol é unha choiva de lume peneirado, a caer na soedade das prazas. As paredes arden en luz. O chan das rúas é un amodo de betún derretido. As estatuas de bronce ferven como locomotoras. As moscas de aceiro adoecen, destempladas, na boca

das tabernas. As xentes sonean no silenzo conventual dos interiores. Triunfan os gazpachos.

Tardiña. Xa se vocean periódicos. Xa saíron os vagamundos da lotería. Xa se ouce o chifle dun afiador. Xa se sentan os vellos nas partillas das prazas. Xa andan os cans mendicantes, a usmearen nos currunchos. Xa rebulen as greas de probas e xitanos. Xa voan as anduriñas. Xa falan e cantan as "radios" das tabernas. A cida-de sáfase do sol en bafos quentes de boca reseca. Triunfan os refrescos.

Noite. A terra non arrufia; pero endebén o ceo estrellecido dá ilusión de frescor. Os xubilados e retirados saen a papar araxiñas. As mulleres aproveitan a escuridade para abaldroarse. Triunfan os abanadores.

I eu cavilo na sombra fresca das carballeiras de Lalín, nos piñeiraes da beiramar de Noia, nos arumes mariñicos de Bueu, no cumo do Monte Louro, na frescura do meu mar de Rianxo, na fonte cantareira da Estrada, nos salseiros de Corrubedo, no ar puro de Curtis, na paz vizosa do Lérez... E síntome fortalecido.

O único que podemos lembrar é a Terra, desvencellada do tempo e dos mesmos homes que a cobren; porque a Terra perdurable é o único ben de Deus que pudo chegar a nós. A Terra, e, despois, uns anaquísios de eternidade que ainda xacen nos limos da conciencia labrega e mariñeira. O demais é palla morta.

Se a nosa Terra conserva o seu ser e o seu estilo arquitectural débese á impotencia do Estado para convertila en seara castelán, e se áinda temos folgos para obedecermos ao mandado da Natureza, soio se debe á impermeabilidade do espírito aldeán, fillo da terra, que sabe resistir as agresións esterilizadoras do Poder. ¿E quen son os axentes más teimosos do imperialismo meseteiro? ¿Quen foron os descastados que con máis aleivosía favoreceron, e siguen favorecendo, a torpe intención asimilista de Castela? Velaí unha pergunta que non quero contestar, para que non me escomunguen os "dereita galeguista".

Sendo galeguistas podemos esquecer xenerosamente o que pasou; pero a condición de que non volva a pasar. Unha sumisión ao pasado (para proseguir o derrame suicida da nosa personalidade nacional?) significaría unha negación das arelas patrióticas do galeguismo. O pasado, pai do presente, non nos deixou máis que desilusións de vida e complexos de inferioridade. E non valen interpretacións amañadas, nin glorificacións xenerosas, para disculpar o que non ten disculpa, porque o pasado tróuxonos a esta rea-

BIBLIOTECA
NACIONAL
ESPAÑOLA

lidade presente, visible e palpable, que os galegos queremos abolir.

¡Cantas cousas se me ocuren a prol deste tema! ¡Pero fai tanto calor en Badaxoz!...

XIII

Badaxoz arde en festa. A *plebe* vai ver como a xente rica entra na praza de touros, no teatro e no circo. A *plebe* vai ver como a xente rica baila na "caseta" do Casino e xoga nas tómbolas. A *plebe* percorre, aboiada, o campo da "feira", para ver como se divirtén e troulean os *señoritos*. ¡A *plebe* non ten dñeiro!

Eiquí a *plebe* non desperta con dianas e albotadas. Eiquí non hai foguetes, nin globos, nin gaitas, nin charangas, nin bailes populares. Nin tan siquera hai xigantes e cabezudos. Ouh, aquelas nosas festas, onde os probes gozan máis que os ricos, porque áinda teñen inocencia de abondo para divertirse con honestidade... ¡Aquelas festas, onde os ricos son espectadores!

Eiquí os *señoritos* pensan que a *plebe* non ten dereito a diversitarse coma eles. Por eso as xoldas non son para o pobo miserento; pero nelas atopa unha certa compensación: vendendo barafulladas, apañando *colillas* ou pedindo esmola.

Levo xa oito meses a estudar as entrañas dos *señoritos* hispanos. Estes monifates, podres de dñeiro, deron na teima de chamarren *marxistas* a cantos defenden as xustas reivindicacións do pobo traballador, e a chamaren *antiespañas* a cantos defenden as liberdades constitucionais. A min dáme medo que esta caste de parásitos chegue a gobernar sen trabas, porque entón Hespaña rematará de afundirse. Ollade, meus irmáns labregos e mariñeiros, que os *señoritos* queren a reforma da Constitución para continuaren a tráxica historia de Hespaña, aferrollando os anceios liberaes e democráticos que se sinten nos pobos diferenciados, porque somentes co uniformismo político lograrán repartir a fame e a miseria que eles producen nestas terras de señorío semifederal. Repartindo a fame e a miseria destas partes non se localiza tan ben a responsabilidade dos que a producen. E velaí a razón primeira do seu patriotismo, tan falso e finxido como a relixiosidade de que alardean.

Repartir a fame! Eso é o que pretenden os *señoritos* dereitistas; e no repatito xa se sabe qué pode tocattle a Galiza e o que lle tocatá, de recargo, se non conquire axiña o Estatuto autonómico.

O berce da violencia reaccionaria está neste inmenso latifun-dio, condomño duns poucos folgazáns, onde a grea de famentos contrasta coa fartura da terra. Nestes países, cobardes e incapaces para toda aventura industrial, é onde a miseria hespáñola ten signos más arrepiantes, por culpa da inacción a que os someten os que non son capaces de vivir máis que de rendas. A terra é rica e os campesiños son miserables, e os señoritos rendistas nin teñen sentimientos cristiáns nin talento previsor, para darse conta das inxusticias e imprudencias que cometan, porque esto non pode seguir así. Os señoritos defenden o sistema unitario e centralista, non sómente para sostener os seus privilexios anacrónicos senón para descargaten sober dos pobos labótiosos do resto da Hespaña a fame dos seus escravos.

Se é que os señoritos terratenentes queren unha reforma da Constitución, para mermaren os avances sociais e as liberdades autonómicas, preparémonos para vencelos. Eles son poderosos, pola riqueza e as alianzas; pero a nós abóndanos con sermos numerosos. E se os pobos hispanos teñen azos para rexurdiren e reclamaren a súa soberanía, xa non nos conformaremos cun Estado endomingado con gotro frizio, pero esencialmente borbónico; reclamaremos unha República federal.

Que cada país se governe conforme á súa verdadeira natureza e que resolva os proprios problemas, sen axudas nin intromisións. Velaí como a nosa Terra poderá defender e desenrolar os seus instintos vitaes, e como os señoritos destas terras baixarán a cabeza diante da miseria desesperada.

¡Que vaian, que vaian á reforma constitucional!...

XIV

Os mendicantes de eiquí aparetan unha trascendencia que non teñen de certo. Por veces meten medo, pero todo é pantasia árabe. Hoxe achegouse un deles a min e díxome con voz tonante: "*Compañero: hoy por mí; mañana por ti*". E despois achegouse a un comandante da garda-civil e díolle con humildade: "*Caballero: una limosna por el amor de Cristo*".

Esta é unha Terra punxentemente misera. Tan triste que nin os borrachos saben cantar; porque o "flamenco" non é virtude ordinaria, i eiquí non hai música propia. ¡Ai, o flamenco!...

Sentado no café vexo pasar diante da miña mesa un exército de mendicantes. Tamén pasan os cans vellos, que lamben o cuspe zu-carado dos señoritos...

Nin os mendicantes de eiquí son coma os mendicantes de Galiza.

A estas latitudes chegou a lenda da nosa probeza. ¿Será porque os nosos aristócratas afincan o seu orgullo de caste en papeis vellos, comeños dos ratos? ¿Será porque os nosos fidalgos contenan os seus ancejos cun pazo en ruínas e algúns ferrados de terra hipotecada? ¿Será porque os nosos señoritos son uns probes bailaríns de casino? Sendo por estas razóns é doado afirmar que o señorito extremeño conserva riquezas e privilexios inconcebíbles, entrementas que un fidalgo galego ten somentes un alcípresa agudo e lanzal, coma o seu carácter, pero zóalle o vento nas faltri-queirias.

A estas latitudes chegou a lenda da nosa cobiza. ¿Será porque os nosos labregos son donos da súa casa, do seu labradío e do seu traballo? ¿Será porque os nosos *parados* saen polo mundo adiante, en procura de ocupación remunerada, e mandan o que gañan á familia que deixaron en Galiza? ¿Será porque os nosos aldeáns queren apaixoadamente a súa terra, as súas vacas e bois? Sendo por estas razóns a lenda carece de fundamento; porque é mellor ser escravo da terra que ser escravo dun terratenente; porque é preferible emigrar, para gañarse a vida, que morrer de fame no terrón nativo; porque as vacas e os bois merecen máis amor que os touros bravos.

Tamén chegou a estas latitudes a lenda da nosa humildade. ¿Serí porque non armamos unha revolución diaria para derrubar os pendellos caciques? ¿Será porque non protestamos con violencia cando nos desamparan os gobernos de Madrid? ¿Será, acaso, porque temos modos e maneiras corteses para falar e comportarnos cos forasteiros? Velaí unha eiva que non pode achacársenos dende esta España reaccionaria e antiguada, porque eiquí está o berce da humildade servil e da farsa cabaleiresca.

Pero ainda que nos favorezan as comparanzas, e ainda que individualmente os galegos teñan azos para redimírense da miseria, pola intelixencia, a perseverancia e o traballo, tamén é certo que o noso pobo carece de siso colectivo para exercitar os seus dereitos, presentándose decote como unha grea vencida e resignada diante do Poder. Esto é verdade; pero ¿que pasou para que en Galiza as calidades individuais non concorden coas calidades colectivas? Pa-

ra responder a esta pregunta abondará con consultar os catro séculos derradeiros da nosa historia.

A realidade actual dá noro; pero non podemos fuxir dela por escrupos inúteis, pois para modelar un pobo de barro é forzoso luxar as mans. De tal xeito se impón unha política de realidades, que os mesmos defectos deben ser cultivados, para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resignación, infundirlle conciencia da súa personalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar. Primeiro *ser*; despois *triunfar*. Porque aquel que non teña fe absoluta nas virtudes, en potencia, do noso pobo, non ten dereito a galvanizalo con promesas electorreiras e transitorias.

Nós temos fe no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fe en nós.

Badaxoz. Abril-Outono do 1935.